



**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONFEDERACION DE
EMPRESARIOS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En Santiago de Compostela, na sede da Confederación de Empresarios de Galicia, o 26 de xaneiro de 1995.

REUNIDOS

D. ANTONIO RAMILO FERNANDEZ-AREAL, en calidade de presidente e en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (en adiante CEG), e

D. DARIO VILLANUEVA PRIETO, en calidade de Rector e en representación da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante Universidade).

Ámbalas partes, con capacidade e lexitimación suficiente para o asinamento do presente Convenio,

MANIFESTAN

Primeiro.- A adecuación dos programas educativos á evolución e desenvolvemento do medio empresarial, preocupou e orientou a actuación e relacións da CEG coas instancias educativas.

Segundo.- O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade asume como da meirande importancia.

Terceiro.- Ámbalas partes consideran necesario un maior achegamento entre empresa e universidade, co obxectivo de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, e á súa vez, lograr a súa mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas galegas.



Cuarto.- A experiencia na actividade empresarial coa que se poñerá en contacto aos futuros titulados, asemade suporá un valioso impulso para promover a xeración de iniciativas empresariais e o autoemprego da mocidade universitaria, así como orientar unha formación universitaria adaptada ás necesidades das empresas galegas.

Quinto.- Todo o sinalado evidencia a necesidade dun acordo que dea marco aos proxectos de cooperación educativa entre ámbalas institucións, e delimite as garantías recíprocas para alumnos e empresas no desenvolvemento das prácticas profesionais, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais ou económicas alleas ao obxectivo e ao contido educativo deste acordo, e no marco do R.D. 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94 do 9 de setembro.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- A CEG facilitaralle á Universidade información sobre as actividades formativas que realice a través do Departamento de Información, Formación e Emprego do Centro de Servicios Empresariais de Galicia, que poidan complementar a formación dos estudantes universitarios, a través do Consello Social, que éste divulgará entre os Centros Universitarios e alumnos da Universidade de Santiago.

Segunda.- Para cumpli-lo sinalado na cláusula anterior, facilitaráselle ao Consello Social da Universidade, nas mesmas condicións que establecen os Estatutos da CEG e regulamentos de réxime interno para as Organizacións Empresariais, o acceso ás bases de datos bibliográficas e de proxectos formativos do Centro de Servicios Empresariais de Galicia.

Terceira.- Ámbalas organizacións colaborarán na realización de actividades formativas, tales como conferencias, cursos, seminarios ou mesas redondas, que en cada caso sexan aprobadas e programadas pola Comisión de Seguimento do presente Convenio.

Cuarta.- A CEG e a Universidade acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais de alumnos da Universidade de Santiago de Compostela nas empresas galegas, de acordo coas seguintes normas:

1) Poderán participar nestas prácticas os alumnos que no momento da



solicitud teñan superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que estea cursando, e que no momento da asignación á empresa non obtivesen a dita titulación. No caso de tratarse de plans de estudio non reformados, os estudantes deberán atoparse nos dous últimos cursos de carreira.

2) O CS levará un rexistro dos alumnos que opten á realización das prácticas, que poderán inscribirse a través do Consello Social e do Servicio de Información, Formación e Emprego da CEG.

3) Os alumnos que aspiren á consecución das prácticas, seleccionados inicialmente pola Comisión de Seguimento, deberán realizar un curso previo de formación programado pola mesma, e organizado e impartido a través do Departamento de Información, Formación e Emprego da CEG.

4) A CEG levará un rexistro das empresas interesadas en acollerse ao presente Convenio.

5) O tempo de realización das prácticas por parte do alumno non poderá superar as 500 horas por curso escolar.

6) Cada empresa designará un membro do seu cadro de persoal como titor dentro da mesma, que se encargará do seguimento das prácticas, supervisará a súa realización e emitirá un informe final sobre o seu contido.

7) A asignación dos alumnos realizarase mediante o asinamento polas empresas dun concerto de colaboración coa Universidade e a CEG, no que constará o contido específico das prácticas profesionais obxecto do mesmo, a duración, calendario e horario, e enderezo do centro ou centros da empresa onde se realizarán as prácticas, a designación dos titores responsables e a relación nominativa dos alumnos.

8) Calquera modificación que se precise por parte da empresa sobre o concerto específico deberá ser previamente comunicada e aceptada pola Comisión de Seguimento do presente Convenio.

9) O alumno deberá ir provisto de carné de Estudiante e DNI. Con respecto as faltas de puntualidade e asistencia, estas serán debidamente controladas pola empresa e titor do centro, podendo a empresa desistir libremente de continuar a súa colaboración formativa co alumno, para o que bastará unha comunicación escrita á sede da CEG.

10) O alumno en prácticas non terá, en ningún caso, relación ou vinculación



laboral coa empresa que asina o concerto de colaboración, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial, e calquera outra modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81, do 19 de xuño e R.D. 2317/1993, do 29 de decembro.

11) A Comisión de Seguimento deberá comunicar á Inspección de Traballo e Seguridade Social os contidos dos concertos de colaboración asinados entre Empresa, Universidade e CEG, os datos dos alumnos, e onde se van desenvolver as prácticas, a duración e horario das mesmas.

12) Os alumnos non poderán recibir da empresa ningunha retribución polas actividades que poidan derivarse da realización das prácticas.

13) Non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa e o alumno, mentres non se revogue expresamente o concerto de colaboración respecto de ese alumno, e así se lle comunique por escrito á Comisión de Seguimento.

14) A empresa non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun alumno en prácticas.

15) O alumno estará acollido durante o período de prácticas ó réxime do seguro escolar; para os supostos nos que fose necesaria unha ampliación do mesmo, o Consello Social cubrirá os gastos que puidese ocasionar, sen que á empresa lle supoña custo ningún.

16) O Consello Social financiará a realización dos cursiños de formación a que se fai referencia no apartado 3).

Quinta.- Créase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio, que actuará como Comisión de Relacións Universidade-Empresa, integrada por tres representantes da Universidade, designados a través do Consello Social, e tres da CEG, coas competencias e funcións que se sinalan nas cláusulas do presente acordo. Resolverá igualmente os problemas que suscite na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporálles ás entidades outorgantes formas para aumentar a súa eficacia. Reunirase cando o considere necesario calquera das partes.

Sexta.- A duración do presente convenio será de dous anos, sendo prorrogable automaticamente, salvo denuncia, que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses dende a data de terminación da súa vixencia.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, as partes asumirán o cumprimento dos compromisos previamente asumidos na data de denuncia do



Convenio con relación aos programas de cooperación educativa establecidos segundo a cláusula cuarta.

Leno ámbalas partes, e en proba de conformidade, asínano e outórgano por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

**D. Antonio Ramilo Fernández-Areal
PRESIDENTE CEG**

**D. Darío Villanueva Prieto
RECTOR UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**